



**CTNL**

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
[info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)  
[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

Nel Vidal Barral, con documento de identidade 52.930.089-M, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897

## Expoño

Que, a pesar de que xa en outubro de 2009 a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) lle remitiu á Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) unha proposta para corrixir os numerosos problemas que había na convocatoria e na planificación e xestión dos cursos preparatorios para a obtención do Celga, a SXPL fíolle caso omiso, xa que nin tivo en conta as propostas nas seguintes convocatorias nin a CTNL recibiu ningunha resposta por parte da SXPL. Así, a convocatoria de cursos preparatorios para os Celga neste 2011 por parte da SXPL volve presentar moitos problemas básicos que terían que ser corridos, como por exemplo:

- Falta de planificación, xa que, por un lado, hai cursos que se deixan á petición de "colectivos", e por outro organízanse unha serie de cursos de programación directa en concellos que arbitrariamente decide a SXPL sen unha planificación territorial previa cuns criterios minimamente claros e, nalgúns casos, sen sequera contacto previo con eses concellos. Por exemplo, na provincia da Coruña, en teoría para garantir que se cubra todo o territorio de xeito equitativo, a Xunta organiza directamente cursos en Santiago de Compostela por partida dobre (SXPL e EOI), en Ferrol por partida dobre (SXPL e EOI), na Coruña, en Betanzos (a 26 km da Coruña) e en Culleredo (a 8 km da Coruña), mentres que non organiza ningún curso en comarcas como Arzúa, o Barbanza, Bergantiños, a Costa da Morte, Terra de Melide, Terra de Soneira, etc.
- Descoordinación total na programación dos cursos por parte da Consellería de Educación, que nunha mesma semana fai dúas convocatorias distintas de cursos preparatorios para os Celga, en moitos casos nos mesmos lugares, épocas e horarios. Esta dobre convocatoria (DOG do 14/1/11 e do 19/1/11) supón, por un lado a duplicación de procedementos e prazos de inscrición e a dispersión da oferta e da información, e por outro, que haxa cursos preparatorios para uns exames que non teñen en conta as datas deses exames.
- Desconsideración absoluta dos servizos de normalización lingüística (SNL) dos concellos que, na práctica, son quen maioritariamente xestionan e difunden os cursos e a inscrición das persoas participantes. Non hai ningún contacto nin coordinación previa cos SNL e nin sequera se teñen en conta na convocatoria. Os SNL dos concellos teñen que solicitar eses cursos ao mesmo nivel que unha entidade privada que puntualmente quere organizar un curso para os/as seus/súas socios/as ou membros, o que non é xusto, pois os cursos xestionados

---

## Secretario xeral de Política Lingüística

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Xunta de Galicia  
Rúa da Pastoriza 8  
15781 Santiago de Compostela



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
[info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)  
[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

desde os SNL ofréceselles á cidadanía en xeral, organízanse desde unha administración pública e procuran ter continuidade ao longo dos anos dentro dunha planificación.

- Falta de garantías na realización dos cursos para colectivos: ainda que un concello ou colectivo abra agora un prazo de preinscripción e se anoten un mínimo de 20 persoas, estas non teñen ningunha garantía de que ese curso finalmente se realice. Xa que logo, non ten sentido que os SNL teñan que previamente programar un curso e inscribir xente para que logo a SXPL lle diga se realmente vai haber ese curso ou non.
- Inexistencia dun certificado de asistencia aos cursos que recoñeza as horas de formación nas que o alumnado participa.
- Competencia lingüística desigual do alumnado: para participar nun curso dun determinado nivel non é necesario nin facer unha proba de nivel nin acreditar coñecementos ou a obtención de niveis previos, o que provoca que o nivel do alumnado de cada aula sexa moi dispar, coa conseguinte dificultade que isto implica para o eficiente desenvolvemento da docencia.
- Ademais, o feito de que só haxa unha convocatoria de exames no mes de xuño – e non dúas, como nos anos anteriores, cando había unha en maio e outra en novembro–, poderalles provocar graves prexuízos a persoas que suspendan nesa convocatoria, xa que terán que agardar un ano enteiro para teren outra oportunidade de obter un certificado de lingua galega, o que pode suporlle problemas en procesos selectivos, concursos de traslados, listaxes de contratación, etc.

#### Polo que, **solicito**

- Que na convocatoria, organización e xestión dos cursos preparatorios para a obtención do Celga se corrixeen todas estas graves eivas sinaladas.
- Que para a obtención do Celga haxa, como mínimo, dúas convocatorias anuais de exames.



Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2011

---

**Secretario xeral de Política Lingüística**  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Xunta de Galicia  
Rúa da Pastoriza 8  
15781 Santiago de Compostela